



Coordinadora  
Galega de ONG para  
o Desenvolvemento



Rede  
Social  
Galicia Sur

## Contra a #RiquezaqueEmpobrece

A Rede Social Galicia Sur (RSGS) e a Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento (CGONGD) convocan desde hai moitos anos á cidadanía para mobilizarse contra as causas da pobreza e as desigualdades. Sabemos que a pobreza é cada vez máis extrema, intensa e crónica. Vivimos unha crise global e complexa que se basea nas desigualdades e as fai máis profundas. Os intentos de saída da crise de carácter antisocial, baseados en recortes do gasto social, agravan a situación das poboacións máis vulnerables.

Agora atopámonos ante un momento de crise sistémica no que se pode dar un cambio de rumbo cara ao cumprimento de todos os dereitos humanos ou continuar pola mesma senda do aumento das desigualdades, pobreza e do autoritarismo.

É urxente cambiar este sistema que xera riqueza para o 1% e un empobrecemento xeneralizado para o resto da poboación, tanto no noso país como no resto do globo. Un sistema que fomenta a guerra para o control xeostratéxico dos recursos, a destrución da natureza e as desigualdades sociais.

**É imperativo poñer freo ás políticas locais, estatais e globais, que polarizan a sociedade e incrementan o sufrimento das persoas.**

**É necesario un reparto xusto das riquezas e que este reparto se visibilice en políticas públicas sociais como a Sanidade, Pensións, Educación, Cooperación, Servizos Sociais, Igualdade, Dependencia, entre outras.**

**Sabemos cales son os problemas** e tamén sabemos que existen solucións reais e factibles. **Non pararemos ata conseguir o mundo que queremos.** Queremos un compromiso real a través da participación e mobilización colectiva, co fin de:

- Acabar coa economía especulativa e ter unha economía ao servizo das persoas.
- Potenciar alternativas que permitan á natureza rexenerarse e a todas as persoas manter unha boa calidade de vida.
- Desenvolver servizos públicos, de calidade e universais para que todas as persoas teñan unha vida digna.
- Crecer para o *bo vivir* e non para a acumulación de riqueza e o consumo irracional.
- Deixar atrás o individualismo e a competitividade e cambialos pola cooperación e a solidariedade entre as persoas e os pobos.
- Recoñecer o valor e fomentar a paz como ben intanxible para persoas, pobos e natureza.

**As nosas reivindicacións políticas para conseguir este cambio son:**

- **Unha fiscalidade xusta e equitativa, cun sistema tributario e un gasto público que redistribúan a riqueza e combatan as desigualdades,** investindo nos servizos públicos, a protección social e a promoción do emprego decente co fin último de loitar contra a pobreza e a exclusión, e garantir a xustiza e a cohesión sociais dos nosos barrios, pobos e cidades.

- **Políticas e orzamentos co eixo principal na loita contra a pobreza e a desigualdade, e a garantía duns servizos sociais básicos de calidade.**
- É necesario crear mecanismos internacionais que poidan mellorar e ampliar os marcos teóricos e científicos cos que se toman as decisións políticas globais no contexto da nova axenda. Propoñemos a creación dun **Panel Internacional para Erradicar a Pobreza e a Desigualdade** que asuma, xunto a outras institucións, esta función.
- **Transparencia e rendición de contas** nestas e todas as medidas que poidan ter consecuencias en materia do goce de todos os dereitos humanos.
- Que o Estado cumpra co seu compromiso de lograr o 0,7% AOD/RNB de acordo cos compromisos internacionais adquiridos. A crise económica non debería ser causa dunha regresión respecto á porcentaxe do RNB dedicado á cooperación internacional.
- **Que o goberno español e os gobernos autonómicos e locais cumpran coas súas obrigacións en materia de dereitos humanos**, sen esquecerse de que estes son civís, políticos, económicos, sociais, culturais, laborais, ambientais, de xénero, e que conlevan obrigacións aquí e máis aló das súas propias fronteiras.
- **É imprescindible apuntar cara á completa erradicación dos paraísos fiscais.** A curto prazo é **imperativo actuar decididamente contra a impunidade e a opacidade.**
- É necesario que se implante o Imposto sobre as Transaccións Financeiras e se aplique na súa totalidade, incluíndo a compravenda de accións, bonos e derivados, e que a súa recadación sexa destinada ás políticas sociais, á cooperación ao desenvolvemento e á protección do medio.
- É necesario frear o avance desmedido da desregulación dos mercados, polos efectos que isto pode ter no mundo enteiro aumentando as desigualdades e a pobreza. É necesario que se free o Tratado Transatlántico de Investimentos entre Estados Unidos e a Unión Europea que se está elaborando ás costas da cidadanía.
- *Fomentar as alternativas existentes dunha cultura da intermediación financeira que sirva como ferramenta para facer posible a transformación social baixo os principios da **transparencia, a participación, a democracia e o acceso ao crédito como dereito.***

En definitiva, tanto a nivel local como global, cambiar A RIQUEZA QUE EMPOBRECE POLA OUTRA RIQUEZA: A DA COLABORACIÓN, A PARTICIPACIÓN E A CREATIVIDADE QUE NOS PROCURA UNHA VIDA DIGNA DE SER VIVIDA POR TODAS AS PERSOAS.

Máis información: <http://pobrezacero.wordpress.com/>

[www.galiciasolidaria.org](http://www.galiciasolidaria.org)